

BIOLOXIA – XEOLOXIA

ADDENDA ÁS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Debido á publicación da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, esta é a proposta de modificacións nas programacións didácticas correspondentes a este departamento.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

A) Concrecións metodolóxicas para ESO:

No período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño planteanse dúas posibles situacións que requiren actuacións diferentes:

1) Alumnado con parte da materia suspensa, para o que se propondrán actividades específicas de reforzo según a parte da materia suspensa coa finalidade de alcanzar os obxectivos mínimos especificados na programación de setembro de 2021. Estas actividades (fichas de repaso, resumos, esquemas,...) contarán cun seguimento e orientación na aula.

2) Alumnado coa materia aprobada. Neste caso continuarase coa programación inicial traballando co material previsto.

B) Criterios sobre a avaliación e cualificación para ESO:

1) Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación parcial

O procedemento será o mesmo que nas outras avaliacións parciais.

2) Procedemento para a recuperación das partes da materia non superada.

As actividades de recuperación para cada parte da materia estarán baseadas nos contidos vistos e nos obxectivos non alcanzados. Manterase o formato xa coñecido polo alumnado e isistirán nos conceptos básicos traballados ao longo do curso escolar.

3) Procedemento para acadar a nota final .

a) O alumnado aprobado mellorará os resultados académicos (un punto sobre a nota anterior) no caso de que realice as tarefas propostas de forma positiva.

b) Posibilidade de recuperación para o alumnado con materia pendente. Puntuarán as tarefas de repaso ata un máximo de 2 puntos, e unha proba escrita baseada nos contidos repasados (8 puntos). Para superar a materia será necesario alcanzar os 5 puntos.

A xefa de departamento, M^a Luísa Calvo Germales.